

PÁXINAS WEB:

[Educación y Atletismo](#). Páxina educativa sobre o mundo do atletismo, amena e con abundantes gráficos. Os alumnos poden facer test de coñecementos.

[Ballroom Dancers](#). Páxina en inglés donde atoparedes, ademais de moita información, vídeos sobre diversos bailes.

[Juegos malabares con un bolígrafo](#). Entra nesta páxina da marca Stabilo e alucinarás co que se pode chegar a facer cun simple bolígrafo.

[Efdeportes](#). Revista dixital punto de referencia na búsqueda sobre a E.F. e o entreno.

[EduSport](#). Páxina do Ministerio de Educación e Ciencia na que atoparemos Unidades Didácticas para a E.S.O. e Bacharelato.

[Mujer y deporte](#). Comprometida coa promoción da muller no deporte.

[Educarm](#). Portal educativo de la CC. AA. de Murcia donde atoparemos referencias e documentos relacionados co desenvolvemento da Ed. Física.

[Campamentos Educativos](#). Aquí atoparás material para Experiencias Educativas de Vida na Natureza e ao Aire Libre.

[El Mundo del Bádminton](#). Historia, principais golpes, instalacións, estiramientos...

[Escalada para principiantes](#). Páxina dedicada a informar dos coñecementos básicos para iniciarse no mundo da escalada deportiva.

[Musculación](#). Musculación, exercicios de pesas, dietas, rutinas deportivas, ximnasia, aerobio, aparatos, técnicas para perder peso.

[Balonmano Mundial](#). Todo sobre o mundo do balonmano. Unha referencia imprescindible.

[Biox](#). Calculadora nutricional coa que poderás calcular o teu peso ideal, a cantidade de calorías que debes inxerir diariamente e información de gran importancia para a túa saúde.



BOLETÍN 11
abril 2008

CINE E DEPORTE



KILÓMETROS DE PELÍCULAS

MANTÉNTE EN FORMA!!!

Creemos que os deportes son indispensables para axudar á educación dunha persoa; crean carácter, alimentan o valor, a honestidade e o liderazgo; pero sobre todo un inexpugnable espírito de lealdade, camaradería e de mútua responsabilidade”.

Carros de fuego. Dir. Hug Hudson

Películas seleccionadas polo Departamento de EDUCACIÓN FÍSICA.

HORA DE LER a imaxe, os xestos, a voz, a interpretación...



Carros de Fuego
Dir. Hug Hudson (1981)

Excelente película que recrea as competicións de atletismo e os Xogos Olímpicos da Era Moderna durante a primeira metade do século XX. Trátanse paralelamente os inicios do profesionalismo e o clásico concepto deportivo das universidades inglesas.



Billy Elliot
Dir. Stephen Daldry (2000)

Resulta difícil para un neno irlandés de clase baixa supera-los prexuízos do seu entorno máis cercan, para realizarse como bailarín, cando a súa propia familia quere facer un boxeador.




5 días un verano
Dir. Fred Zinnemann (1982)

A través dunha extraña relación amorosa, con esta película podemos achegarnos á práctica do alpinismo ó estilo da primeira metade do século XX.



En busca de Bobby Fischer
Dir. Stephen Zaillion (1993)

Historia en torno a un neno de dez anos que é un auténtico prodixio xogando ó xadrez.



Oliver
Dir. Carlo Reed (1968)

Adaptación musical do clásico de Charles Dickens "Oliver Twist". As súas aventuras nunha excelente película con coreografías e tratamento artístico de grande interés.



Fama
Dir. Alan Parker (1980)

Clases sen descanso e esfozo, é o que se garantira na Escola Superior de Artes de Nova York. Fama e triunfo é o que buscan os músicos, actores e bailaríns. Fama é unha explosiva combinación de música e baile electrificante ca converte nun dos máis memorables musicais da súa xeración.



Flashdance
Dir. Andrian Lyne (1983)

Un rotundo triunfo visual e musical, Flashdance é a trepidante historia de Alex Owens, unha xoven de 18 anos moi decidida e fermosa que traballa como soldadora de día e como bailarina nun club polas noites. A película brila coa música dos 80. Descubrimos os avatares de Alex para obter a súa independencia e atopar o amor, así como o seu soño de bailar no Conservatorio de Danza de Pittsburgh.



Me llaman Radio
Dir. Michael Tollin (2003)

Tenra historia dun rapaz discapacitado que chega a formar parte importante dos equipos deportivos dun centro escolar, grazas á laboura dun adestrador-profesor.



El Portero
Dir. Gonzalo Suárez (2000)

Historia dun porteiro de primeira división que por culpa da guerra se ten que gañ-la vida nas prazas dos pobos apostando cos penaltis.



Million Dollar Baby
Dir. Clint Eastwood (2004)

Drama ben ambientado na dureza do boxeo. Neste caso o púxil protagonista é unha rapaza (nun deporte preferentemente machista). Constrúese unha interesante relación con seu adestrador e aporta un desenlace...



Cinderella man (El hombre que no se dejó tumbar)
Dir. Ron Howard (2005)

Baseada na historia real dun boxeador acabado, James L. Braddock, que tivo unha segunda oportunidade para subir ó ring e enfrentarse ó campeón dos pesos pesados. O seu esforzo e constancia así como as súas vitorias convertérono no heroe nacional do momento..



Coach Carter
Dir. Thomas Carter (2005)

Baseada nun sorprendente feito verídico, narra a historia do polémico adestrador de baloncesto Ken Carter que recibiu grandes alabanzas e devastadoras críticas cando foi noticia nacional pola "clausura" do seu equipo, ó que xamais venceran, debido ó seu mal expediente académico.